

## Literatura oral

### *[Conto Tipo 15 + 4] Os bautizos do raposo*

Cando os animais falaban houbo un ano de moitas neves, tanto o raposo coma o lobo pasaron unhas fames moi grandes. E, falando delas, un día dixo o raposo:

□ Compadre, o mellor que podemos facer é cava-lo monte para ver se collemos pan para o gasto. Así, polo menos non morreremos de fame.

□ ¡Moi ben pensado compadre! □ dixo o lobo □ Pero, ¿que imos comer mentras esteamos traballando?

□ Eso amáñase fácil. Cebamos un porco e así que fagámo-la matanza comezamos a cavar.

Os dous estiveron dacordo e cebaron o porco, fixeron a matanza e foron enterralo para que ninguén o vise, pero deixándolle o rabo fóra, non fose que despois non soubesen ben do sitio.

Puxéronse a cavar un monte de uces. O lobo cavaba canto podía e facía moito traballo, máis o raposo, levando unha uciña de aquí para alí ou tirando da raíz dun felgo, non facía nada.

Como o raposo é tan pillo, un día que lle entrou a fame, díxolle ó lobo:

□ Ei compadre! Parece que me chaman.

E poñendo unha man na orella coma se fose para oír mellor continuou:

□ Ai, é vostede comadre! Agora vou! Agora vou!.

E dirixíndose ó lobo:

□ É unha comadre miña que me chama para que lle sexa o padriño dun fillo que tivo. Xa ve, compadre, que non podo faltar, con que vou alá e logo veño.

□ ¡Pois vaia, vaia...que é unha obra de caridade!

Marchou o raposo dereito ó porco e deuse unha boa fartura. Deitouse un pouco e cando lle pareceu, volveu para onde quedara o lobo dicíndolle:

□ Ai, que cansado veño! Canto ten un que padecer neste mundo de Deus!

□ E logo ¿como lle puxo ó afillado? □ preguntou o lobo.

□ Púxenlle "Principiatis".

□ Pois é un nome ben bonito.

Puxéronse a cavar outra vez e o pobre do lobo, que traballaba todo o que podía, sentiuse cansado e dixo:

□¿Compadre! ¿Podíamos comer un anaco de cocho!

□Non, eso non pode ser! Se fartámo-la barriga, despois non temos ganas de cavar. É mellor acaba-lo traballo e despois fartarnos ben □dixo o pillo raposo.

Seguiron cavando e, de alí a un pouco, fixo o raposo como se volvesen a chamar por el para outro bautizo.

Marchou dereito ó cocho e deuse outra farta tan grande coma a primeira e durmiu outro bo pedazo.

Cando chegou a onde estaba chegou dicindo:

□É unha desgracia ser tan caritativo! Veño que non me teño! Tiven que ir moito máis lonxe ca antes!.

□Pois descanse un pouco, compadre!. E como lle puxo ao pequenote?

□Púxenlle "Segundatis".

□Pois aínda é máis fermosos có outro! □respostou o lobo.

Volveron ó traballo e pola tarde outra vez fixo o zorro que o chamaban para outro bautizo.

E o que fixo foi ir acabar de come-lo porco. Cando durmiu dabondo veu para onde estaba o lobo que lle preguntou:

□¿Como lle puxo esta vez, compadre?

□Púxenlle "Rematatis" Foi o último; □dixo o raposo.

De alí a un pouco deron o traballo por acabado e decidiron ir comer.

Chegaron a onde debía estar o porco e dixo o raposo:

□Vostede que ten máis forza ...Tire polo rabo, compadre!

O lobo deu un tirón e marchou de cu para atrás, dicindo:

□Tanto tirei que lle arrinquei o rabo!

Empezaron a escarvar, pero o porco non aparecía e empezaron a rifar un co outro. O lobo botáballe a culpa ó raposo que fora el cando fora os bautizos e o raposo dicía que fora o lobo que se aproveitara de quedar só para comelo.

Por fin o raposo puxo fin á discusión dicindo:

□Aquí non hai que discutir nada máis! Para saber a verdade ímonos deitar coa barriga ó sol, e ó primeiro que lle súa... foi que comeu o porco.

□Xa está! □dixo o lobo, que estaba seguro de que el non fora.

Máis velaí o que aconteceu: o pobre do lobo, como estaba canso de traballar, en canto se deitou xa quedou durmido, roncando coma un crego en día de festa; pero o pillo do raposo, como estaba ben descansado e cansado de durmir, non pechou os ollos. Cando lle pareceu, ergueuse moi a modiño, e foi e mexoulle na barriga do lobo, e despois volveuse deitar coma se nada fora.

Máis tarde fixo que coma se espertase, facendo moito barullo espreguizarse para que tamén espertase o lobo.

□Foi vostede quen o comeu, compadre! Mire como lle súa a barriga!

Entón o lobo, cando viu que tiña a barriga mollada, díxolle:

□E máis comín, ho, pero foi sen dar-me conta!

Entón o raposo empezou a queixarse que lle ía moito mal.

□Ai, compadre! Que mal me atopo! Vai ter que levarme ó lombo!

Foi o lobo e colleu co raposo ás costas, e como e tan pillo facía que se queixaba moito, pero polo baixo ía cantando:

□Pirulín , pirulero! ¡Comín o porco e vou "caballero"!

□Que di, meu com padre?

□Nada, nada, ho! ¡Delireo, delireo! □contestaba o raposo.

[Conto remitido por Francsico López, de Lugo, en abril de 2009. Fonte: O seu pai, das terras do Páramo contáballes este conto, xa hai anos]

© Galicia Encantada

---